

VII GALEUSCA HISTORIA

Este **xoves 5 e venres 6 de outubro** celébrase o **VII congreso Galeusca-Historia na Facultade de Xeografía e Historia** da Universidade de Santiago de Compostela.

Os encontros Galeusca-Historia véñense celebrando dende o ano 2010, impulsados por investigadores e investigadoras das universidades de Galicia, Cataluña e Euskadi, para debater asuntos de calado historiográfico dende a perspectiva das tres nacionalidades. Tradicionalmente participan tamén colegas das Illes Balears e o País Valencià.

Este congreso coincide co **centenario do primeiro pacto de Galeusca**. Reunirá máis de 30 historiadores e historiadoras de sete universidades para debater sobre asuntos arredor deste século transcorrido. Neste marco procúrase unha lectura histórica do presente, ollando ao pasado para tratar de entender o longo percorrido de cuestións moi actuais, e mais tamén mirar ao pasado a partir das preguntas da historiografía actual. Buscamos unha mirada plural, pensada en Europa e no mundo, centrada na historia deste tempo e na historiografía de todos os tempos, aberta tamén ás aportacións do resto de ciencias sociais e humanas.

O congreso abrirá o xoves ás 9,30 da mañá coas intervencións do catedrático en historia contemporánea e representante da organización do congreso Lourenzo Fernández Prieto. Seguirán as intervencións de Antonio Míguez Macho, vicedecano da Facultade de Xeografía e Historia; Victor F. Freixanes, presidente da Real Academia Galega; a deputada de Cultura da Deputación da Coruña Natividad González Rodríguez; Goretti Sanmartín Rei, alcaldesa de Santiago de Compostela e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz.

A conferencia inaugural correrá a cargo de Ramón Villares Paz que, na liña do seu último libro, tratará sobre "Galeusca e a composición política de España".

A mañá do xoves continuará coa sesión *A dimensión internacional de Galeusca*. O congreso continuará pola tarde con comunicacións sobre *A pluralidade nacional hispana e proposta política galeusca de onte a hoxe*. O venres a sesión céntrase na cuestión *Memoria e historia do pasado incómodo*.

A conferencia de peche do congreso correrá a cargo de Montserrat Duch Plana, catedrática da Universitat Rovira i Virgili co título "A voltes sobre el passat incòmode: dimensions de gènere i nacions". O **programa completo** pódese atopar na [páxina web do congreso](#).

O congreso é **organizado por Histagra**, grupo de investigación da USC, e conta **co apoio da Deputación da Coruña**.

Un saúdo,
O comité organizador.